

Reglamento para a Realización de Actividades de Investigación ó abeiro do establecido no artigo 83 da LO 6/2011, de Universidades

Nesta norma tómase como punto de partida o texto consolidado publicado no Taboleiro electrónico da USC. Polo tanto, non é posible visualizar as diferentes versións anteriores da norma.

(Aprobado polo Consello de Goberno o 20 de xuño de 2005)

Modificación do artigo 11 e 12 polo Consello de Goberno do 8XI05 (1)

Modificación da Composición da Comisión, no seu artigo 7, polo Consello de Goberno do 4VII08 (2)

Modificación do artigo 6 polo Consello de Goberno do 14V09 (3)

Preámbulo

A extinta Lei 11/1983, de 25 de agosto, de Reforma Universitaria, establecía nos seus artigos 11 e 45.1 a posibilidade de realizar traballos de carácter científico, técnico ou artístico e o desenvolvemento de cursos de especialización. Na súa aplicación a Xunta de Goberno da Universidade de Santiago de Compostela (USC) aprobou o 3 de abril de 1990 o Regulamento para a realización de traballos de carácter científico, técnico ou artístico e o desenvolvemento de cursos de especialización.

Diversas circunstancias, entre as que merecen ser destacadas a entrada en vigor da Lei Orgánica 6/2001, de 21 de decembro, de Universidades (LOU), os Estatutos da USC (Decreto de 9 de febreiro de 2004), a creación do Centro de Posgrao, Terceiro Ciclo e Formación Continua (CPTF) da USC, a creación da Oficina de Investigación e Tecnoloxía (OIT), que integra a xestión das actividades de I+D tanto na súa formalización como proxectos de investigación, como contratos ou servizos tecnolóxicos, motivan a necesidade da súa revisión, facendo unha distribución de competencias e tratando de precisar a redacción de determinados aspectos que faciliten a súa interpretación.

Artigo 1. Obxecto

O obxecto desta norma é regular os procedementos de autorización dos traballos realizados ó abeiro do artigo 83 da Lei Orgánica 6/2001 de Universidades e 145 dos Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela, así como a celebración dos contratos necesarios para a súa realización e o destino dos bens e recursos que se obteñan.

Artigo 2. Ámbito de aplicación



1. O presente Regulamento aplicarase á xestión das actividades relacionadas coa investigación, desenvolvemento e innovación que leve a cabo o persoal docente e investigador da USC, segundo as definicións e peculiaridades enumeradas a continuación:

a. Contratos. Estarán baixo este epígrafe as actividades que se realicen en virtude de contratos ou convenios que se celebren con persoas físicas ou xurídicas, nos que se estableza a realización por parte do profesorado da USC de traballos de carácter científico, técnico ou artístico.

b. Informes. Para os efectos do presente Regulamento, denomínanse informes ós traballos realizados polo profesorado da USC para persoas físicas ou xurídicas que supoñan a prestación de servizos á sociedade, tales como a elaboración de informes técnicos, asesoramento, análises, realización de ensaios de homologación, control de calidade, peritacións, etc.

c. Cursos. Estarán baixo este epígrafe as actividades específicas de formación que se desenvolvan na USC descritas no artigo 83.1 da LOU, sen prexuízo das competencias do Centro de Posgrao, Terceiro Ciclo e Formación Continua

2. Quedan expresamente excluídos deste Regulamento:

a. Os contratos que realicen os profesores para a publicación dos seus libros traballos ou traducións científicas ou técnicas ou para a preparación de orixinais destinados a publicación. Como excepción estarán incluídos os contratos nos que a USC recibe un financiamento específico para a realización destas actividades

b. Calquera tipo de premio obtido por un profesor universitario. Non obstante, a instancias do investigador, a OIT poderá arbitrar formas que faciliten a xestión con obxectivos de investigación dos fondos acadados polo premio.

c. As actividades profesionais alleas á Universidade dos profesores acollidos ó réxime de dedicación a tempo parcial desenvolvidas fóra da USC, sempre que non incorran en incompatibilidade.

3. Para os efectos de regular e facilitar a xestión, o presente Regulamento será de aplicación supletoria en todas aquelas actividades financiadas mediante subvencións no marco de convocatorias públicas, así como as financiadas por persoas físicas ou xurídicas externas, mediante a entrega de fondos ou aboamento de tarifas, que teñan como finalidade a realización de actividades de I+D ou contribúan ao desenvolvemento e difusión da produción científica na USC.

Artigo 3. Funcións da OIT

A Oficina de Investigación e Tecnoloxía ten como función esencial apoiar a realización de actividades de investigación, desenvolvemento e innovación, a súa divulgación e facilitar a

súa xestión. Para os efectos deste Regulamento ocuparase de tódolos procesos administrativos e económicos, agás a execución do gasto, derivados da aplicación deste Regulamento.

Artigo 4. Investigador principal.

Tódalas actividades reguladas nesta norma terán asignado un membro do Persoal Docente e Investigador, vinculado á USC, que actuará como investigador principal, sen prexuízo do seu papel dentro do eventual grupo de investigadores. Actuará como interlocutor coa OIT e terá encomendadas as funcións de presentación da proposta da actividade, dos formularios para as propostas de contratación de persoal, nomeamento de bolseiros, retribucións complementarias, etc, así como os informes de seguimento e finais da actividade. Igualmente terá asignada a xestión da partida orzamentaria de gasto asociada á actividade.

O Investigador principal da actividade será o responsable do cumprimento dos acordos que sexan formalizados pola USC no marco dos contratos/convenios ou actividades as que fai referencia este Regulamento. A Vicerreitoría con competencias en I+D arbitrará o procedemento para que, en tódalas actividades reguladas nesta norma, conste de xeito expreso o compromiso do investigador principal coa realización do traballo nas condicións acordadas, así como o visto e praxe do Departamento ou Instituto universitario ó que pertenza.

Como criterio xeral, e salvo solicitude expresa e xustificada, toda actividade será asignada ó grupo de investigación ó que estea adscrito o investigador principal.

Artigo 5. Elaboración e sinatura de Contratos ou Convenios

1. Para a execución de actividades nas que a Universidade se comprometa a realizar para terceiros actividades de investigación, innovación, desenvolvemento ou prestacións de servizos definidas neste Regulamento, será preciso asinar un convenio ou contrato entre as partes ou ben algún tipo de acordo específico.

Para a elaboración dun contrato ou un convenio estarase ao disposto no Regulamento para a xestión de convenios da Universidade de Santiago de Compostela aprobado polo

Consello de Goberno de data 19 de decembro de 2002. De acordo co art. 4.3 b do mesmo, a formalización dun contrato, convenio ou compromiso para a realización e financiamento das actividades de investigación as que fai referencia este regulamento deberá ser informado previamente pola OIT, quen deberá manifestar expresamente a súa conformidade.

Para este efectos, o persoal da OIT prestará asesoramento para o establecemento idóneo do marco de relación con terceiros, facilitando a redacción do clausulado dos contratos e convenios, así como a elaboración do orzamento adecuado de calquera actividade de investigación, e a protección e titularidade dos resultados de acordo co artigo 10.

2. Con carácter xeral, os contratos ou convenios serán subscritos polo reitor ou persoa na que delegue, no nome da Universidade. Excepcionalmente e a proposta da Comisión de

Actividades e Servizos de I+D, o reitor poderá autorizar de xeito expreso a súa sinatura por persoal docente e investigador con capacidade para desenvolver a actividade a realizar.

Artigo 6. Contido mínimo dos contratos

1. Procedemento xeral.

Sen prexuízo da normativa xeral aplicable, os contratos ou convenios para a realización de actividades de investigación serán elaborados pola OIT ou supervisados pola dita oficina antes da súa sinatura.

Entre o seu contido mínimo cabe destacar:

- a. Nome da persoa ou entidade contratante, coa identificación dos órganos asinantes e a representación que ostentan.
- b. Obxecto do contrato e a súa duración, con especificación das obrigas por cada unha das partes.
- c. Prazo de execución do traballo
- d. Nome do investigador principal responsable da súa execución.
- e. Importe acordado, indicando a súa distribución temporal, prazos e forma de pagamento.
- f. Unha descrición dos traballos a realizar, indicando a distribución temporal dos mesmos.
- g. Cláusulas, de selo caso, de responsabilidade
- h. Titularidade dos resultados que se deriven así como calquera cláusula de confidencialidade ou restrición que se determine para a publicación de resultados.
- i. Sistema de resolución de conflitos e xurisdición competente.

Cando sexa preciso para o correcto desenvolvemento da actividade e a súa xestión, os contratos ou convenios acompañaranse dun anexo cos datos do equipo investigador, orzamento detallado, periodización e fitos ou calquera outra información que sexa necesaria.

2. Procedemento abreviado A sinatura dun contrato ou convenio non será necesaria no caso dos informes e dos cursos (apartados b e c do artigo 2.1), agás que a súa contía conxunta ou separadamente supere o importe establecido na lexislación vixente para os contratos menores do Sector Público. No caso do resto das actividades tampouco será imprescindible a sinatura entre ambas partes dun contrato se o importe non supera a dita cantidade, a menos que algunha das partes o requira.

Nos casos mencionados no parágrafo anterior, o contrato substituirase por un documento no que conste a aceptación por parte da empresa ou entidade das condicións técnicas e económicas de realización da actividade ou ben a correspondente factura.

Artigo 7. Comisión de Actividades e Servizos de I+D

Para a xestión deste Regulamento establécese a creación da Comisión de actividades e servizos de I+D que estará integrada polos seguintes membros

Vicerreitor con competencias en materia de Investigación, desenvolvemento e transferencia de tecnoloxía (Presidente)

Vicerreitores Adxuntos con competencias en materia de Investigación, desenvolvemento e transferencia de tecnoloxía

5 vocais en representación das grandes áreas de coñecemento

1 vocal en representación dos Institutos de Investigación

2 técnicos representantes da OIT Os vogais da Comisión serán nomeados Consello de Goberno a proposta do reitor.

Artigo 8. Autorización da realización das actividades e sinatura de contratos e convenios.

1. A Comisión de Actividades e Servizos de I+D será a encargada de propoñer a autorización para a realización de tódalas actividades definidas nesta norma, para o que poderá solicita los informes técnicos que estime oportunos, así como dar audiencia a calquera interesado.

Sen prexuízo do que estableza a normativa básica sobre a materia, para a autorización das actividades ás que fai referencia este regulamento deberán cumprirse necesariamente as seguintes condicións:

- a. As actividades a realizar deben acadar o nivel científico, técnico ou artístico esixido ó profesorado universitario.
- b. As actividades non ocasionarán un prexuízo ao labor docente da Universidade.
- c. As obrigas que se contraian non implicarán, de feito, a constitución dunha relación de traballo estable.
- d. Os investigadores deberán estar en posesión do título ou acreditación correspondente, cando o traballo a desenvolver estea atribuído en exclusiva a determinados profesionais pola lexislación vixente.

Se a actividade non é autorizada, o investigador principal poderá presentar unha reclamación facendo as alegacións pertinentes no prazo de 10 días, nas que poderá

incorporar unha proposta de modificación do contrato. A resolución correspóndelle ó reitor, quen a poderá delegar no vicerreitor de Investigación e Innovación.

2. Para a realización das actividades enumeradas no apartado 1 do artigo 2 será preciso obter a autorización correspondente conforme ó disposto a continuación.

i. Os contratos ou convenios que sexan asinados polo reitor ou persoa na que delegue levarán implícita a concesión de compatibilidade. Nos demais casos a compatibilidade entenderase concedida cando, a proposta da Comisión de Actividades e Servizos de I+D, as actividades sexan autorizadas polo reitor ou persoa na que delegue.

ii. No caso dos informes, a autorización enténdese concedida logo da autorización por parte da Comisión de Actividades e Servizos de I+D.

3. A autorización da participación de investigadores da USC en concursos público ou licitación de entidades públicas corresponderá en exclusiva ao reitor ou vicerreitor no que delegue, que asinará a proposta en nome da Universidade. Os investigadores propoñentes informarán á OIT da súa intención de presentarse a un concurso ou licitación pública así como das condicións de dita participación con, polo menos, 15 hábiles de antelación ao remate de presentación de ofertas.

No caso de que dous ou máis grupos de investigación pretendan presentarse a un mesmo concurso, o reitor ou vicerreitor no que delegue decidirá sobre a oferta a presentar, logo de informe razoado da OIT.

4. Na circunstancia de que durante o desenvolvemento dunha actividade se requira alterar os acordos establecidos no contrato ou convenio asinado, ou, no seu caso, prorrogar o acordo orixinal, as modificacións correspondentes deberán ser autorizadas pola Comisión de Actividades e Servizos de I+D e reflectirse de xeito expreso nunha addenda complementaria que deberá ser formalizada conforme ao establecido para os contratos ou convenios de referencia.

5. A Comisión de Actividades e Servizos de I+D, a través da OIT, informará ó Consello de Goberno de tódalas actividades de investigación contratadas e dos informes e cursos autorizados.

Artigo 9. Dos Ingresos e Gastos

De acordo co disposto no artigo 81 da LOU, tanto os ingresos coma os gastos derivados das actividades reguladas por esta norma se integrarán nos orzamentos da USC, e serán xestionados conforme a este Regulamento e ás normas que, con carácter xeral, sexan de aplicación.

1. A previsión de ingresos formará parte do contrato ou acordo, ou ben se especificará na folla resumo, tanto na súa contía coma na distribución temporal. Para a súa determinación partirase dunha análise obxectiva dos custos que supoña a realización da actividade.



2. A previsión de gastos establecérase a partir do cálculo de:

1. Custos directos. Aqueles necesarios para a correcta execución do traballo, calculados a partir da previsión de gastos de funcionamento e de persoal, máis en concreto:

- a. Persoal propio, contratado ou bolseiros en función da dedicación á actividade
- b. Gastos asociados ó uso ou adquisición de material inventariable e funxible necesario para o desenvolvemento da actividade.
- c. Desprazamentos do equipo investigador.
- d. Gastos asociados á utilización dos servizos xerais da USC, en particular da RIAIDT.
- e. Servizos externos referidos a subcontratacións de determinado tipo de actividades ou tarefas relacionadas co traballo a realizar
- f. Outros gastos específicos non incluídos nas categorías anteriores.

En calquera caso, partírase dunha análise obxectiva e con criterios de mercado dos custos que supoña a realización da actividade.

2. Custos indirectos. Inclúense neste concepto os gastos xerais asociados ó uso de infraestrutura de uso xeral, comunicacións, xestión, servizos de apoio, etc. Estes custos imputaranse como un gasto fixo definido en función da actividade e do centro onde se realiza a mesma.

Para a súa determinación, a Vicerreitoría de Investigación e Innovación propondrá, para a súa aprobación polo Consello de Goberno, os criterios de estimación que deberán ser considerados na elaboración do orzamento correspondente a cada actividade, así como a distribución do mesmo entre o grupo titular da actividade, o Departamento ou Instituto ó que se adscriba e a propia Universidade.

A aplicación orzamentaria dos importes percibidos por este concepto será establecida no orzamento anual da USC.

Artigo 10. Titularidade dos bens e resultados asociados as actividades.

A titularidade dos bens e recursos obtidos a través das actividades as que se refire este

Regulamento corresponde á Universidade, agás que no contrato ou convenio se estableza unha titularidade específica para as partes contratantes.

Así mesmo, e de acordo co artigo 20 da Lei 11/1986 de 20 de marzo, pola que se aproba a Lei de Patentes de invención e modelos de utilidade, e en conformidade cos Estatutos da USC, a titularidade e capacidade de explotación comercial dos resultados dos traballos realizados no marco das actividades as que se refire este Regulamento, así como o correspondente

registro de patentes ou modelo de utilidade, corresponderá á USC, salvo que no contrato ou convenio se indique expresamente outra cousa. A xestión de patentes e outros resultados comercializables efectuarase de acordo ao establecido no Regulamento de Patentes da USC.

Artigo 11. Composición do equipo de traballo

Na execución das actividades de investigación poderán participar, a proposta do investigador principal, ademais do persoal docente e investigador da USC o seguinte persoal:

- a. Bolseiros, nos termos e condicións que establezan as convocatorias polas que se regula a súa situación e réxime de incompatibilidades, de acordo coa normativa específica da USC.
- b. O persoal contratado necesario para o desenvolvemento da actividade, de acordo coa normativa específica da USC.
- c. Persoal investigador doutras universidades, centros públicos de investigación e, en xeral, o persoal ó servizo de calquera administración pública.
- d. Persoal de Administración e Servizos (PAS), nas condicións e formas establecidas no Regulamento de colaboración do PAS aprobado por Resolución Reitoral do 20 de maio de 1989 (DOG 12 de xullo de 1989).

Ademais do persoal descrito nos apartados anteriores, defínense como colaboracións externas aqueles servizos que se presten con cargo a unha actividade ou proxecto de investigación que polo seu carácter puntual e esporádico non dan lugar a unha relación laboral, e polo tanto non poden ser formalizados mediante contrato laboral ou nomeamento de bolseiro. O persoal que preste este tipo de servizos non poderá ter ningún tipo de vinculación coa USC.

As retribucións e demais custos sociais que se deriven das prestacións de servizos anteriores imputaranse á partida orzamentaria na que estea incluído o crédito para o desenvolvemento da actividade.

Artigo 12. Retribucións e pagos a persoal

A remuneración que poderá percibir o persoal da USC pola realización de actividades desenvolvidas ó amparo do presente Regulamento establecerase no presuposto correspondente, estando suxeita as normas que poidan ser establecidas ao respecto pola lexislación estatal ou autonómica. No seu caso, as cantidades propostas que excedan dos límites permitidos por tales normativa serán destinadas ao Departamento/Instituto correspondente.

1. A percepción de retribucións en concepto de remuneración con cargo a estas actividades por parte do persoal docente e investigador da USC e do mencionado nos apartados a), b) e d) do artigo 11 realizarase a través dunha nómina complementaria á xeral da USC.

2. As colaboracións externas definidas no artigo anterior xustificaranse ordinariamente mediante factura , conforme a algún dos seguintes procedementos:

a. Para os profesionais ou autónomos ou empresas que presten a súa colaboración, a xustificación realizarase mediante a factura dos servizos prestados, sempre que se trate de contratos menores.

b. Para os colaboradores que non teñan o carácter de profesionais ou autónomos e non estean comprendidos nos apartados anteriores, así como aos colaboradores definidos no apartado c) do artigo 11, deberase xustificar o encargo e a aceptación do mesmo, e abonaránselle as súas colaboracións unha vez acreditado o seu cumprimento, todo isto mediante o formulario que se estableza para estes efectos. En todo caso deberá cumprirse a Lei de Incompatibilidades das Adminsitracións Públicas.

3. Con independencia da súa contía e dado o carácter puntual e esporádico das colaboracións, ningún colaborador dos definidos nos apartados b) e c) do artigo 11 poderá percibir por este concepto máis de tres pagamentos con cargo ao mesmo exercicio económico, sen que sexa posible o pagamento acumulado de traballos periódicos.

En ningún caso se utilizará a figura de colaborador externo para retribuír a participación na actividade do persoal con vinculación laboral ou de bolseiro coa USC.

Artigo 13. Seguimento e finalización da actividade

O responsable da actividade remitirá á OIT, logo da súa finalización, un informe dos resultados, para a súa avaliación e arquivo. Cando no contrato ou convenio se especifique a realización de informes parciais, deberá tamén ser enviada unha copia dos mesmos á OIT.

Os informes de execución ou finais que se mencionan neste Regulamento e nas normas derivadas deben entenderse sen prexuízo daqueles que quedaran establecidos no contrato, convenio ou acordo de colaboración coa entidade que realiza o encargo.

Disposicións adicionais

Primeira

Autorízase ao Vicerreitor con competencias en materia de xestión de Investigación, desenvolvemento e transferencia de tecnoloxía para que deseñe os procedementos e documentos necesarios para a aplicación do presente Regulamento, así como para a interpretación das dúbidas que este proceso puidera ocasionar.

Segunda



Unha vez autorizada a actividade pola Comisión de Actividades e Servizos de I+D, cando se trate de contratos ou informes, o investigador principal poderá xestionala mesmas a través de FEUGA, en lugar de facelo na propia USC. En calquera caso corresponde á USC:

a autorización e sinatura dos contratos ou convenios correspondentes

a xestión e cobro dos custos indirectos establecidos

Igualmente seralle de aplicación ás actividades xestionadas a través de FEUGA todo o disposto no presente Regulamento, e en particular o establecido en canto a afectación de bens e titularidade da USC dos resultados asociados.

Terceira

As actividades clasificadas como cursos no artigo 2.c), para seren incluídas neste apartado, deben ter un marcado carácter de I+D e ser contratadas con persoas físicas ou xurídicas externas. O Centro de Posgrao, Terceiro Ciclo e Formación Continua (CPTF), será o encargado de xestionar os cursos que teñan unha duración igual ou superior a tres créditos. A Oficina de Investigación e Tecnoloxía (OIT) será a encargada de xestionar os cursos que teñan unha duración inferior a tres créditos, ou cando as súas características particulares así o aconsellen.

Cuarta

A xestión das actividades realizadas no marco do establecido na "Normativa dos acordos de colaboración con grupos e institutos de investigación e cos departamentos da propia universidade, e cos seus profesores a través dos mesmos, para a realización de traballos técnicos, informes estudos e outro tipo de servizos", aprobada polo Consello de Goberno o 30 de marzo de 2004 e polo Consello Social o 14 de abril de 2004, levarase a cabo a través da Oficina de Investigación e Tecnoloxía polo mesmo procedemento que a xestión dos contratos de investigación previsto no artigo 83 da Lei Orgánica de Universidades.

Quinta

1. As referencias ao Regulamento para a realización de traballos de carácter científico, técnico ou artístico realizadas no artigo 4.3 do Regulamento de Convenios da USC e outras normativas da USC entenderanse referidas ao presente Regulamento.
2. As referencias á Comisión de Cursos e Convenios realizadas na normativa da USC entenderanse referidas á Comisión de Actividades e Servizos de I+D establecida no presente Regulamento, unha vez esta estea constituída.
3. Os convenios e contratos autorizados pola Comisión de Actividades e Servizos de I+D en materia da súa competencia de conformidade co art. 8 do presente Regulamento, teranse



por aprobados polo Consello de Goberno ao abeiro do Regulamento de Convenios da USC, sen prexuízo da obriga de informar ao Consello de Goberno prevista no apartado 5 de dito artigo.

Disposición transitoria primeira

En tanto non se aproben os criterios de estimación de custos indirectos aos que se refire o artigo 9.2, para ás actividades de investigación reguladas por esta norma continuará sendo de aplicación os traballos de carácter científico, técnico ou artístico e desenvolvemento de cursos de especialización aprobado pola Xunta de Goberno da USC o 3 de abril de 1990. O importe resultante da aplicación do apartado (d) do devandito artigo integrárase nos orzamentos xerais da Universidade.

Disposición transitoria segunda

Mentres non se constitúa a Comisión de Actividades e Servizos, as funcións que ten atribuídas por este Regulamento, continuarán sendo realizadas pola Comisión Permanente do Centro de Innovación e Transferencia de Tecnoloxía.

Disposición derogatoria

1. Quedan derogados os regulamentos, circulares, disposicións e resolucións anteriores, no que se opoñan ó establecido na presente normativa. En particular, queda derogado o Regulamento para a realización de traballos de carácter científico, técnico ou artístico e desenvolvemento de cursos de especialización aprobado pola Xunta de Goberno da USC o 3 de abril de 1990.
2. Queda derogado o acordo do 22 de decembro de 1998 da Xunta de Goberno polo que se encomenda á Comisión permanente do CITT as funcións da Comisión de Cursos e Convenios establecida no Regulamento para a realización de traballos de carácter científico, técnico ou artístico. Ditas funcións corresponderán á Comisión de Actividades e Servizos de I+D establecida no art. 7 do presente Regulamento.

Disposición final

O presente Regulamento apróbase en virtude do mandato establecido no artigo 145.3 dos Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela. Entrará en vigor ó día seguinte da súa aprobación polo Consello de Goberno da Universidade de Santiago de Compostela.

(1)

O Consello de Goberno do 20 de xuño de 2005 aprobou o Regulamento para a realización de actividades de investigación ao abeiro do establecido no artigo 83 da Lei Orgánica 6/2001 de Universidades. O dito regulamento establece no seu artigo 11, relativo á composición do



equipo de traballo, que os colaboradores externos como profesionais ou autónomos ou ben a través das empresas ás que pertencen, deberán facturar os seus servizos.

Non obstante o abano de colaboracións en aspectos puntuais do traballo de investigación, sen continuidade temporal, é máis amplo có dos profesionais ou autónomos. A isto hai que engadirle as limitacións que establece a normativa vixente en canto ás formas de contratación das administracións públicas, e tamén ao réxime de compatibilidades das persoas que presten os ditos servizos.

O Consello de Goberno acordou aprobar esta modificación coa encomenda á Vicerreitoría de Investigación e Innovación de velar pola súa correcta aplicación e revisala se a súa utilización non se axustase ao previsto

(2)

A proposta da Vicerreitoría de Investigación e Innovación, o reitor somete a ratificación da seguinte composición da comisión de actividades e servizos de I+D

VICERREITORA DE INVESTIGACIÓN E INNOVACIÓN (Presidenta)

VICERREITOR ADXUNTO DE INVESTIGACIÓN E PROYECCIÓN EXTERIOR .

2 TÉCNICOS REPRESENTANTES DA O.I.T.

ÁREA DE ENSEÑANZAS TÉCNICAS

Dr. D. Gumersindo Feijoo Costa

ÁREA DE CC. DA SAÚDE

Dr. D. Pablo Díez Baños

ÁREA DE HUMANIDADES

Dr. D. Marcelino Agís Villaverde

ÁREA DE CC. SOCIAIS E XURÍDICAS

Dr. D. Xavier Vence Deza

ÁREA DE CC. EXPERIMENTAIS

Dr. D. Alfredo Bermúdez de Castro LópezVarela

EN REPRESENTACIÓN DOS INSTITUTOS DE INVESTIGACIÓN

Dr. D. Juan Arias Rodríguez



O Consello de Goberno acordou a ratificación da composición da Comisión de Actividades e Servizos de I+D.

(3)

A necesidade de modificación do artigo 6 apartado 2 fai referencia ao procedemento abreviado para a aprobación de actividades de Asesoramento e Asistencia Técnica e que se ve afectado pola recentemente aprobada Lei de Contratos do Sector Público (LCSP), ante as modificacións do importe mínimo para os chamados contratos menores coa Administración Pública. Isto pode xerar problemas de axilidade no procedemento nas relacións contractuais que se establecen coa Administración Pública.

No tecto anterior indícase un importe máximo de 12.000 Eur por riba do cal é necesario suscribir un "contrato". Dito importe foi seleccionado atendendo ao importe máximo polo que había adxudicación directa na anterior lexislación sobre contratos coa Administración Pública. A nova LCSP establece un importe máximo de 18.000 Eur (máis IVE) para os contratos menores coa Administración Pública. Moitas das actividades de Investigación e Servizos de I+D demandadas pola Administración Pública execútanse por importes inferiores aos 18.000 Eur motivo polo que son tramitadas como contrato menor, sen concurso e simplemente coa aprobación da oferta. Neste punto o Regulamento da Usc esixiría a elaboración a elaboración dun "Contrato" e convértese no punto conflitivo da tramitación polo "procedemento abreviado"